

**INFORMACIÓN EMBARGADA ATA AS 20:30 HORAS**

**ELBA VELEIRO, RESPALDADA POR SANTÍN E MÉNDEZ ROMEU,  
PIDE A CONFIANZA DOS VILALBESES NUN CONCORRIDO MITIN  
CENTRAL DE CAMPAÑA**

Ante a mirada de decenas de veciños, declarou “facer todo o posible para rematar coa inoperancia dun goberno desgastado e insolvente”, asegurando que esta cita electoral supón unha oportunidade sen precedentes para acadar “o cambio que todos merecemos en Vilalba”

Santín aupou á candidata, sinalando que “merecemos dirixentes e representantes que empaticen coa xente”e, no caso deste lugar, asegurou, “non se me ocorre ninguén mellor que Elba”. “O PSOE ten o proxecto de reactivar a economía, xerando postos de traballo” e, para elo, sinalou, “o concello ten que ser o protector e liderar ese desenvolvemento, e isto só pode vir da man dos socialistas”

Méndez Romeu salientou a necesidade de votar ao Partido Socialista, pois “só así se poderá compensar o desleixo e despreocupación de Feijóo e do goberno galego na defensa dos sectores estratéxicos para Vilalba”, como é o caso do leiteiro, ou a sangría demográfica

Como solución ás ineficientes políticas do equipo de goberno do PP, a alcaldable presentou as liñas mestras do programa, incidindo na fixación de poboación, a mellora das comunicacións, e especialmente na promoción do emprego

**Vilalba, 15 de maio de 2015.-** A candidata dos socialistas de Vilalba -Elba Veleiro-, acompañada polo número dous da candidatura -Eduardo Vidal-, o secretario Provincial -Juan Carlos González Santín-, e o voceiro do Grupo Parlamentario Socialista -José Luis Méndez Romeu-, deu as claves centrais do proxecto socialista para a vila no mitin central de campaña. Ante a mirada de decenas de veciños, declarou “facer todo o posible para rematar coa inoperancia dun goberno desgastado e insolvente”, asegurando que esta cita electoral supón unha oportunidade sen precedentes para acadar “o cambio que todos merecemos en Vilalba”.

Neste senso, subliñou que “aplicaremos receitas socialistas para cambiar o rumbo do noso concello, camiñaremos cara o progreso”. E é que, tal e como destacou o dirixente do PSOE na provincia, “o 24M será o día clave para elixir entre seguir como estamos, é dicir, votando ao PP ou, pola contra, volver a recuperar o Estado de Benestar e os dereitos que tanto nos custou conseguir aos socialistas, votando ao proxecto que lidera Elba Veleiro”.

Santín aupou á candidata á alcaldía, sinalando que “merecemos dirixentes e representantes que empaticen coa xente”e, no caso de Vilalba, asegurou, “non se me ocorre ninguén mellor que Elba”. “Acabáronse os discursos baleiros, é necesario poñer solucións. O PSOE ten o proxecto de reactivar a economía, creando emprego” e, para elo, sinalou, “o concello ten que ser o protector e liderar ese desenvolvemento. E isto só pode vir da man dos socialistas”, afirmou.

“Vilalba necesita un motor potente, necesita ao PSOE para dar á xestión local o valor engadido que precisa para recuperar o dinamismo, para recuperar a actividade e para acabar co desgoberno tan esaxerado do Partido Popular. Elba será a alcaldesa de todos e para todos.



Sabemos que lle agarda un traballo titánico, pero estamos convencidos de que non perderá nin un segundo para dar solucións aos cidadáns”, remarcou o secretario Provincial.

### **Desleixo da Xunta**

A este respecto, Méndez Romeu salientou a necesidade de votar ao Partido Socialista, pois “só así se poderá compensar o desleixo e despreocupación de Feijóo e do goberno galego na defensa dos sectores estratéxicos para Vilalba”, como é o caso do leiteiro. “O PP levouno a unha situación inédita en Europa”, afirmou o voceiro do PSdeG no Parlamento, ao tempo que amosou a súa sorpresa diante da inacción da Xunta diante da desaparición do sistema de cotas, que os gandeiros galegos afrontan cos prezos mais baixos do Continente.

Neste senso, sinalou que “mentres Francia e Alemaña están incentivando a produción, aquí o prezo está tirado e nin sequera se garante a recollida do leite”, e engadiu que “ou se inverte rapidamente a situación ou milleiros de explotacións desaparecerán” nun sector “estratéxico en termos económicos, de emprego e de sostibilidade do territorio”.

Méndez Romeu tamén abordou o problema do afundimento demográfico de Galicia, un declive demográfico acentuado pola xestión política catastrófica do goberno galego que empuxa á emigración selectiva dos mais mozos, nunha nova diáspora que, a diferenza da que se viviu nos anos 60, desta vez os galegos e galegas marchan pensando en non volver porque no seu fogar non atopan un traballo acorde coa súa cualificación.

### **Discurso firme**

Veleiro sorprende cun discurso firme en continuas alusións á traxectoria política na oposición, e próximo aos cidadáns, facendo un símil entre concello e familia, “en nada se parece medrar ao abeiro dunha familia que non cre nas liberdades e pon atrancos á igualdade de oportunidades, que medrar nun entorno familiar que apoie o progreso e defenda o benestar como valores inquebrantables”. Como solución ás ineficientes políticas do equipo de goberno do PP, presentou as liñas mestras do programa socialista, incidindo na fixación de poboación nas parroquias, a mellora das comunicacións, e especialmente na promoción do emprego.

### **Programa “ambicioso”**

Cun programa que cualificaron de “ambicioso”, os socialistas abordan moitos dos temas que preocupan en Vilalba, como a garantía da igualdade de oportunidades para acceder aos postos de traballo, a apertura dun Centro de Día, a creación dun Portal de Transparencia para publicar todo o relacionado cos cargos públicos ou a dinamización da vila cunha forte aposta pola cultura e a valorización dos recursos propios.

“Outra forma de facer é posible. Nós cremos nas persoas e nas súas capacidades. Temos amor pola nosa terra e traballaremos sen descanso para que os vilalbeses se sintan orgulloso ao dicir: son de Vilalba”, remarcou a candidata.

Despois de moitas reunións con diferentes colectivos do tecido asociativo vilalbés e da boa acollida das propostas que presenta o PSOE para os vindeiros comicios, Elba Veleiro conseguiu devolver a esperanza a un público que premiou cos seus aplausos un discurso convincente e ilusionante. A candidata dos socialistas deu remate ao mitin pedindo a confianza dos seus veciños e veciñas para comezar un camiño que, por vez primeira, conte con todos por igual.

